

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugaros, ás nove horas e corenta minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia da alcaldesa accidental, Dna. Carolina Cruz Fernández, en función da delegación efectuada mediante a Resolución da Alcaldía núm. 579/2007, de 20.09.07, con asistencia dos/as concelleiros/as D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. M^a Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora accidental, Dna. Mercedes Ocampo Santiago.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. PEDRO BUENO ARRANZ en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. (EXPTE. 103/2007) segundo solicitude de data 7 de maio de 2007, para construción de 1 metro de canalización, 1 arqueta “D” e 1 pedestal, no lugar de Roibeiras.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. CARLOS MOREIRA GARCÍA (EXPTE. 110/2007) segundo solicitude de data 15 de maio de 2007, para colocación de tella sobre fibrocemento existente, colocación de 10 m² de pavimento e 83 m² de tarima sobre vigas e puntóns existentes, instalacións básicas de fontanería e electricidade e colocación de 7 fiestras e 2 portas de madeira, na R/ Coruto nº 1-3, referencia catastral: 3621910-11NJ6132S, clasificación do solo: SU-BD (Solo Urbano de Baixa Densidade).

Con motivo da cesión do terreo onde se sitúa unha adega ao Concello, esta deberá demolerse previo ao comezo das obras.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. EDUARDO SANJUÁN LÓPEZ (EXPTE. 121/2007) segundo solicitude de data 25 de maio de 2007, para substitución de tella vella (francesa) por tella nova do país, en Franza de Arriba nº 8, referencia catastral: 3212005NJ6131S, clasificación do solo: SU-BD (Solo Urbano de Baixa Densidade).

As obras non suporán en ningún caso aumento de volume, edificabilidade, nin traballos de formigón armado.

Os traballos tampouco suporán en ningún caso a modificación da estrutura.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Produción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 18 meses.

- **D. MATÍAS MORGADE IGLESIAS (EXPTE. 129/2007) segundo solicitude de data 12 de xuño de 2007**, para recheo de finca con terra vexetal nunha extensión de 1 a 2 ferrados (aproximadamente 60 m³), en Roibeiras, referencia catastral: 0016007NJ5191N, clasificación do solo: SNR (Solo de Núcleo Rural).

O movemento de terras é de escasa entidade e non suporá unha agresión para o medio natural nin variará a morfoloxía da paisaxe, segundo o artigo 28 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **D. JOSÉ FRANCISCO PENA BASTIDA (EXPTE. 135/2007) segundo solicitude de data 21 de xuño de 2007**, para cambio de fiestras de madeira por aluminio, en R/ do Peteiro nº 24, 3º, referencia catastral: 0025006NJ5129N0004GX, clasificación do solo: SU-D (Solo Urbano Denso).

A colocación das fiestras na obra será realizada dende o interior sen necesidade de armar andamios e coa debida sinalización de conos na beirarrúa.

Estarase en todo momento ao disposto pola normativa xeral de Seguridade e Hixiene no traballo e en materia de prevención vixente.

Segundo a artigo 52 do P.X.O.M., a propiedade, dirección facultativa, o contratista ou o persoal ás súas ordes serán responsables dos danos que se produzan por falta de precaucións.

Debido ás tarefas de substitución e retirada de materiais que se citan prevese unha creación de escombros que deberá tratarse convenientemente segundo á normativa estatal e autonómica vixente e particularmente a Lei 10/1998 de Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos, R.D. 952/1997 polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos aprobada mediante R.D. 833/1988 de 20 de xullo.

A instalación de valado de obra ou de calquera medio auxiliar, andamiaxe, plataforma elevadora ou contedor situado na vía pública deberá ser motivo de solicitude da correspondente licenza.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:

Tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria e o informe da arquitecta técnica municipal de data 24.09.2007, no que se pon de manifesto que:

- Con data 24.09.2007 presentouse xustificación aos cambios do trazado xeométrico do vial.
- Con data 24.09.2007 se confirma que o plano do vial acceso Oeste para Reganosa presentado neste concello con data 20.09.2007, coincide co entregado á Demarcación de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte licenza de

obras:

- D. FÉLIX ALONSO ENCINAS en representación de REGASIFICADORA DEL NOROESTE S.A. (EXPTE. 155/2007) segundo solicitude de data 11 de xullo de 2007, para execución dun vial de acceso Oeste para Reganosa, en Punta Promontoiro s/n, segundo proxecto construtivo redactado polo enxeñeiro D. José Manuel Moure Vieites, e visado polo C.I.C.C.P.G. en data 09.07.2007.

As obras son compatibles coa normativa urbanística vixente municipal, que contempla a construción de obras que pola súa natureza non poidan ter outra situación ou presten servizos necesarios ou convenientes, circunstancia esta que quedou de manifesto no *Proxecto Sectorial do Gasoducto Mugar dos-As Pontes-Guitiriz, ramal á C.C.C. de As Pontes e instalacións auxiliares*.

O citado proxecto sectorial é de incidencia supramunicipal, e nel está previsto e xustificado a construción deste vial. Por tal motivo vincula ao planeamento de cada concello ao que afecte.

É xustificado tamén que a construción do vial se atopa motivada polo establecido na Norma UNE-EN 1473/1997, no que se require un mínimo de dous accesos á Planta.

Trazado xeométrico que aparece reflectido no proxecto construtivo do vial:

Radio de curva circular mínimo.....R. min.=30 m.
Pendente lonxitudinal máxima.....P. máx.=13,00 %
Pendente lonxitudinal mínima.....P. mín.=0,50 %
Kv. mínimo en acordos cóncavos.....=380,952
Kv. mínimo en acordos convexos.....=547,935
A lonxitude total do vial é de 291,048 m.

Sección tipo da traza:

- carrís 3,50 m.
- ancho total da sección 8,00 m.
2 carrís de 3,50 m. e 2 arcéns de 0,50 m.
Pendente transversal en zonas con bombeo 2,00 %

Taludes son 2H/3V en desmonte e 3H/2V en terraplén.

Deberá adoptar as medidas cautelares que se indican no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura e Deporte, de data 06.09.2007, e que son as seguintes:

1. Antes do inicio dos traballos deberase de proceder ao replanteo con estacado e delimitación física sobre o terreo de todas as superficies afectadas polo proxecto.
2. Ao remate deses traballos remitiráselle comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que se proceda a unha visita de inspección e determinar se é necesario realizar axustes sobre o terreo para garantir a protección dos elementos arqueolóxicos.
3. Antes do inicio das obras e con posterioridade ao indicados nos puntos 1 e 2, o promotor dos traballos terá que presentar un proxecto arqueolóxico de control de todos os movementos de terras que estea previsto realizar.
4. Paralización dos traballos se no transcurso dos mesmos se atopasen restos arqueolóxicos e comunicación inmediata á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

5. O promotor deberá garantir no transcurso das obras a correcta conservación dos restos arqueolóxicos que se atopan depositados provisionalmente á espera da súa situación definitiva.

Deberá atender ás consideracións que indica o Servizo de Protección do Litoral, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, na súa Resolución de data 11.09.2007, e que son as seguintes:

1. As obras executaranse consonte aos planos modificados a instancias da Demarcación de Costas en Galicia sen que en ningún caso poida ser invadida a zona afectada pola servidume de tránsito, para garantir, o cal haberá de solicitarse desa administración, o replanteo da devandita servidume.
2. Antes do inicio das obras procederase ao replanteo con estacado e á delimitación física sobre o terreo de todas as superficies afectadas polo proxecto.
3. Ao remate dos traballos remitiráselle comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que se proceda a unha visita de inspección para determinar se é necesario realizar os axustes sobre o terreo para, no marco da obra, garantir a protección de elementos arqueolóxicos coñecidos ou por coñecer.
4. Posteriormente, e tamén antes do inicio das obras o promotor dos traballos terá que presentar proxecto arqueolóxico de control de todos os movementos de terras que estea previsto realizar.
5. Paralización dos traballos se no transcurso dos mesmos se atopasen restos arqueolóxicos e comunicación inmediata á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
6. O promotor deberá garantir no transcurso das obras a correcta conservación dos restos arqueolóxicos que se atopan depositados provisionalmente á espera da súa situación definitiva.
7. O prazo para a realización das obras solicitadas non poderá exceder de dous anos.

Deberá atender ás consideracións que indica a Demarcación de Costas en Galicia, da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, no seu informe de data 31.08.2007, e que son as seguintes:

- As obras deberán levarse a cabo coa nova documentación achegada o 31.08.2007, de tal forma que a servidume de tránsito non se vexa afectada polas mencionadas obras para cuxos efectos se deberá solicitar con carácter previo ao seu inicio o replanteo desa servidume ante a Demarcación de Costas de Galicia.

Previo ao remate das obras deberán definir en maior detalle o enlace do novo vial coa estrada municipal de acceso á AC-122.

C) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRAS:

Tendo en conta o informe arquitecto asesor en materia de urbanismo de data 07.09.2007, así como o ditame favorable da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión por un prazo de 12 meses da seguinte prórroga de licenza de obras:

- **Dna. M^a CARMEN VILAR LORENZO (EXP. 506/30.01.2007)**, para construción de vivenda unifamiliar, en Simou, referencia catastral: 9909407NJ6100N, ao abeiro da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 25.08.2005 (Expte. 21/2005).

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, a sra. Alcaldesa accidental levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
A ALCALDESA